






# INFORME SOBRE A ENQUISA TRIMESTRAL DE CUSTO LABORAL

Cuarto trimestre de 2018

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2019

## Enquisa trimestral de custo laboral (ETCL). Cuarto trimestre de 2018

- O custo laboral das empresas diminuíu en Galicia un 0,4% no cuarto trimestre de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior, mentres que no conxunto de España aumentou un 0,9%. O custo laboral total en Galicia é de 2.417,57 euros, 274,95 euros inferior á media nacional (2.692,52 euros).
- O custo salarial reduciuse en Galicia un 0,5% no cuarto trimestre de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior mentres que en España o incremento é dun 0,9%. O custo salarial en Galicia sitúase nos 1.815,92 euros, mentres que a media do conxunto de España é de 2.039,01 euros.
- O custo laboral por hora efectiva no cuarto trimestre do ano diminúe en Galicia o 0,4% fronte a un incremento en España o 0,5%.
- Por comunidades autónomas, os maiores incrementos do custo laboral rexístranse en País Vasco, Illes Balears e Canarias, mentres que diminúe en cinco comunidades.
- A xornada semanal media pactada é de 34,6 horas semanais en Galicia e de 34,2 horas en España.


Custo laboral. Cuarto trimestre de 2018				
Taxa de variación anual do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual	
-0,4		<b>Custo total</b>	2.417,57	-0,4
-0,4		<b>Custo salarial total</b>	1.815,92	-0,5
		<b>Outros custos</b>	601,65	-0,1
0,0		<b>Cotizacións obrigatorias</b>	561,21	-0,1
-0,1		<b>Percepcións non salariais</b>	53,81	-4,7
-0,1		<b>Subvencións e bonificacións<sup>(1)</sup></b>	13,36	-16,3

<sup>(1)</sup> As subvencións subtráense dos outros custos

## 1. Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral por traballador e mes acaba os 2.417,57 euros no cuarto trimestre de 2018, co que diminúe un 0,4% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. En España o custo laboral aumenta un 0,9% e supera en 274,95 euros o custo laboral en Galicia.

O seguinte gráfico amosa a evolución do custo laboral por traballador e mes.



O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O **Custo salarial**, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acaba os 1.815,92 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón un descenso do 0,5%. En España, o custo salarial aumenta un 0,9%.
- Se se exclúe o factor variable dos salarios (pagos extraordinarios e atrasados), obtense o custo salarial ordinario, que aumenta o 0,9% en Galicia, acadando os 1.492,81 euros. En España, o custo salarial ordinario é de 1.668,75 euros, cun incremento do 1,6% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.
- Os **Outros custos**, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 601,65 euros en Galicia, co que se reducen un 0,1%, mentres que en España aumentan un 0,7%, ata os 653,51 euros. O descenso dos Outros custos en Galicia débese principalmente as percepcións non salariais, que diminúen un 4,7%.

## 2. Custo laboral segundo actividade económica

Desagregando segundo sectores de actividade económica, o custo laboral total aumenta na industria e na construción mentres que diminúe nos servizos.

Na **Industria** o Custo total aumenta un 0,6% debido ao incremento do 0,7% do Custo salarial total. Os Outros custos mantéñense estables (0,0%), cun incremento das cotizacións obrigatorias (2,2%) e un descenso das percepcións non salariais (-23,6%).

INDUSTRIA. Cuarto trimestre de 2018				
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual	
	0,6	<b>Custo total</b>	3.074,2	0,6
	0,6	<b>Custo salarial total</b>	2.344,2	0,7
	0,5	<b>Outros custos</b>	730,0	0,0
	0,5	<b>Cotizacións obrigatorias</b>	690,9	2,2
-0,6	-0,6	<b>Percepcións non salariais</b>	54,3	-23,6
-0,1	-0,1	<b>Subvencións e bonificacións<sup>(1)</sup></b>	15,2	-13,5

<sup>(1)</sup> As subvencións subtráense dos outros custos

O incremento do 0,6% do Custo total na **Construción** ven motivado principalmente polo incremento do Custo salarial total (1,1%). Os Outros custos diminúen un 0,5% debido ao descenso das percepcións non salariais (-15,7%).

CONSTRUCCIÓN. Cuarto trimestre de 2018				
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual	
	0,6	<b>Custo total</b>	2.582,5	0,6
	0,7	<b>Custo salarial total</b>	1.820,7	1,1
	0,4	<b>Outros custos</b>	761,7	-0,5
	0,4	<b>Cotizacións obrigatorias</b>	656,2	1,7
-0,9	-0,9	<b>Percepcións non salariais</b>	117,4	-15,7
-0,3	-0,3	<b>Subvencións e bonificacións<sup>(1)</sup></b>	11,9	-36,8

<sup>(1)</sup> As subvencións subtráense dos outros custos

Nos **Servizos** o Custo total diminúe un 0,9% debido á diminución do 1,2% do Custo salarial total. Os Outros custos redúcense o 0,1%, cun descenso do 1,0% das Cotizacións obrigatorias.

SERVIZOS. Cuarto trimestre de 2018			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
-0,9			
-0,9			
-0,2			
	0,1		
-0,1			
	<b>Custo total</b>	2.241,5	-0,9
	<b>Custo salarial total</b>	1.686,5	-1,2
	<b>Outros custos</b>	555,0	-0,1
	<b>Cotizacións obrigatorias</b>	520,4	-1,0
	<b>Percepcións non salariais</b>	47,6	5,6
	<b>Subvencións e bonificacións<sup>(1)</sup></b>	13,0	-14,8

<sup>(1)</sup> As subvencións subtráense dos outros custos

O custo laboral nos Servizos en Galicia é inferior en máis 340 euros á media nacional; a menor diferenza dáse na Industria, uns 178 euros.

### 3. Tempo de traballo

No cuarto trimestre de 2018, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 34,6 horas semanais, e destas, pérdense 5,4 horas semanais. En España, a xornada semanal pactada é de 34,2 horas, das que se perden 5,1 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 29,3 horas semanais tanto en Galicia como no conxunto do Estado.

O custo laboral total por hora efectiva diminúe en Galicia o 0,4% mentres que en España aumenta o 0,5%.


**Custo laboral por hora efectiva.  
Cuarto trimestre de 2018**

	Euros	Taxa interanual
<b>Galicia</b>		
<b>Custo laboral total</b>	<b>19,0</b>	<b>-0,4</b>
Custo salarial total	14,2	-0,5
Outros custos	4,7	0,0
<b>España</b>		
<b>Custo laboral total</b>	<b>21,1</b>	<b>0,5</b>
Custo salarial total	16,0	0,5
Outros custos	5,1	0,4

Fonte: INE

#### 4. Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra un incremento do 0,1% respecto ao mesmo trimestre de ano anterior.




#### 5. Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a País Vasco e Madrid, que superan en máis de 450 euros a media nacional, mentres que en Extremadura o custo laboral é inferior á media nacional nesa cantidade.

As comunidades nas que máis creceu o custo laboral foron País Vasco (3,1%), Illes Balears (2,6%) e Canarias (2,4%). En cinco comunidades diminúe o custo laboral, rexistrándose os maiores descensos en Comunitat Valenciana (-1,6%) e Andalucía (-1,1%).

## Custo laboral total. 4º trimestre de 2018

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Investíganse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

**Custo laboral:** custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

**Custo salarial:** comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

**Outros custos:** inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

**Hora efectiva:** son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

**Custo laboral por traballador e mes:** mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

**Custo laboral por hora efectiva de traballo:** mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.



# Anexo cadros

Cadro 1.- Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Cuarto trimestre de 2018

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
<b>Galicia</b>								
<b>Custo laboral total</b>	<b>2.417,57</b>	<b>-0,4</b>	<b>3.074,19</b>	<b>0,6</b>	<b>2.582,47</b>	<b>0,6</b>	<b>2.241,48</b>	<b>-0,9</b>
<b>Custo salarial total</b>	<b>1.815,92</b>	<b>-0,5</b>	<b>2.344,15</b>	<b>0,7</b>	<b>1.820,73</b>	<b>1,1</b>	<b>1.686,52</b>	<b>-1,2</b>
Custo salarial ordinario	1.492,81	0,9	1.772,17	4,2	1.501,95	3,3	1.423,75	-0,3
<b>Outros custos</b>	<b>601,65</b>	<b>-0,1</b>	<b>730,04</b>	<b>0,0</b>	<b>761,74</b>	<b>-0,5</b>	<b>554,96</b>	<b>-0,1</b>
Cotizacións obrigatorias	561,21	-0,1	690,94	2,2	656,17	1,7	520,43	-1,0
Percepcións non salariais	53,81	-4,7	54,34	-23,6	117,44	-15,7	47,57	5,6
Subvencións e bonificacións	13,36	-16,3	15,23	-13,5	11,87	-36,8	13,04	-14,8
<b>España</b>								
<b>Custo laboral total</b>	<b>2.692,52</b>	<b>0,9</b>	<b>3.252,05</b>	<b>0,2</b>	<b>2.801,98</b>	<b>2,1</b>	<b>2.583,33</b>	<b>1,0</b>
<b>Custo salarial total</b>	<b>2.039,01</b>	<b>0,9</b>	<b>2.448,34</b>	<b>-0,2</b>	<b>2.038,55</b>	<b>2,8</b>	<b>1.965,03</b>	<b>1,1</b>
Custo salarial ordinario	1.668,75	1,6	1.935,51	0,8	1.626,07	1,2	1.623,64	1,9
<b>Outros custos</b>	<b>653,51</b>	<b>0,7</b>	<b>803,71</b>	<b>1,6</b>	<b>763,43</b>	<b>0,0</b>	<b>618,30</b>	<b>0,6</b>
Cotizacións obrigatorias	601,88	1,0	739,02	0,9	690,31	2,0	570,61	0,9
Percepcións non salariais	68,05	-2,9	82,38	6,1	88,51	-12,8	63,96	-3,8
Subvencións e bonificacións	16,43	-5,7	17,69	-7,1	15,39	5,5	16,28	-6,0

Fonte: INE

Cadro 2.- Custo laboral por hora efectiva. Cuarto trimestre de 2018

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
<b>Galicia</b>								
<b>Custo laboral total</b>	<b>19,0</b>	<b>-0,4</b>	<b>22,2</b>	<b>-0,4</b>	<b>18,5</b>	<b>0,9</b>	<b>18,1</b>	<b>-0,6</b>
Custo salarial total	14,2	-0,5	16,9	-0,2	13,1	1,4	13,6	-0,9
Custo salarial ordinario	11,7	0,9	12,8	3,3	10,8	3,7	11,5	0,0
Outros custos	4,7	0,0	5,3	-0,9	5,5	-0,2	4,5	0,2
<b>España</b>								
<b>Custo laboral total</b>	<b>21,1</b>	<b>0,5</b>	<b>23,5</b>	<b>-0,3</b>	<b>19,8</b>	<b>2,5</b>	<b>20,8</b>	<b>0,5</b>
Custo salarial total	16,0	0,5	17,7	-0,8	14,4	3,4	15,8	0,6
Custo salarial ordinario	13,1	1,2	14,0	0,2	11,5	1,7	13,1	1,4
Outros custos	5,1	0,4	5,8	1,0	5,4	0,4	5,0	0,2

Fonte: INE

Cadro 3.- Horas semanais por traballador e mes<sup>1</sup>. Cuarto trimestre de 2018

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
<b>Galicia</b>								
<b>Ambas xornadas</b>	<b>29,3</b>	<b>5,4</b>	<b>31,9</b>	<b>6,4</b>	<b>32,1</b>	<b>6,4</b>	<b>28,4</b>	<b>5,1</b>
Tempo completo	32,9	6,2	31,9	6,7	32,8	6,6	32,8	6,0
Tempo parcial	16,9	2,5	19,7	3,4	15,7	2,9	16,7	2,5
<b>España</b>								
<b>Ambas xornadas</b>	<b>29,3</b>	<b>5,1</b>	<b>31,8</b>	<b>6,2</b>	<b>32,5</b>	<b>5,4</b>	<b>28,6</b>	<b>4,9</b>
Tempo completo	33,1	5,9	33,1	6,5	33,8	5,6	33,0	5,8
Tempo parcial	17,5	2,7	19,0	2,8	17,7	2,3	17,4	2,7

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos polo INE

<sup>1</sup> A efectos de cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes

Cadro 4.- Custo laboral total. Cuarto trimestre de 2018

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual
<b>España</b>	<b>2.692,5</b>	<b>106,0</b>	<b>0,9</b>	<b>21,1</b>	<b>108,1</b>	<b>0,5</b>
Andalucía	2.335,5	101,2	-1,1	18,6	103,4	-0,6
Aragón	2.598,6	107,3	0,9	20,8	109,8	-0,9
Asturias	2.755,8	110,7	0,4	22,0	114,0	-0,6
Balears, Illes	2.724,7	115,2	2,6	20,7	118,2	0,8
Canarias	2.305,8	109,4	2,4	17,5	110,6	2,4
Cantabria	2.603,5	113,3	1,7	20,3	113,6	1,1
Castilla y León	2.438,0	104,0	0,7	19,4	105,3	0,1
Castilla-La Mancha	2.400,3	103,0	-0,8	19,0	107,2	-1,7
Cataluña	2.880,3	105,7	1,8	22,5	107,0	0,7
Comunitat Valenciana	2.371,1	103,0	-1,6	19,0	106,7	-2,0
Extremadura	2.223,9	103,7	1,4	18,0	108,6	1,7
<b>Galicia</b>	<b>2.417,6</b>	<b>109,6</b>	<b>-0,4</b>	<b>19,0</b>	<b>113,1</b>	<b>-0,4</b>
Madrid	3.164,7	107,2	1,9	24,2	110,3	1,7
Murcia	2.414,5	104,8	0,2	18,9	104,8	0,7
Navarra	2.985,8	112,8	1,7	24,1	113,4	1,6
País Vasco	3.211,0	108,1	3,1	25,8	106,9	2,3
Rioja, La	2.482,8	105,4	-1,0	19,5	103,6	-2,4

Fonte: INE

Cadro 5.- Custo salarial. Cuarto trimestre de 2018

	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual
<b>España</b>	<b>2.039,0</b>	<b>108,3</b>	<b>0,9</b>	<b>16,0</b>	<b>110,5</b>	<b>0,5</b>
Andalucía	1.746,4	102,8	-1,3	13,9	105,0	-0,7
Aragón	1.958,5	109,7	1,0	15,7	112,2	-0,8
Asturias	2.078,5	113,3	-0,9	16,6	116,6	-1,9
Balears, Illes	2.054,3	117,8	2,6	15,6	120,8	0,8
Canarias	1.726,5	111,1	3,1	13,1	112,3	3,0
Cantabria	1.966,0	116,5	1,8	15,3	116,7	1,2
Castilla y León	1.832,0	107,3	0,8	14,6	108,7	0,2
Castilla-La Mancha	1.789,5	105,0	-1,7	14,1	109,2	-2,6
Cataluña	2.186,2	107,5	1,9	17,1	108,7	0,7
Comunitat Valenciana	1.781,7	105,0	-1,6	14,3	108,8	-2,1
Extremadura	1.683,3	105,9	2,8	13,6	111,0	3,0
<b>Galicia</b>	<b>1.815,9</b>	<b>112,2</b>	<b>-0,5</b>	<b>14,2</b>	<b>115,8</b>	<b>-0,5</b>
Madrid	2.436,6	110,1	2,2	18,6	113,3	2,0
Murcia	1.820,7	107,6	0,4	14,3	107,5	0,8
Navarra	2.269,9	116,6	2,0	18,3	117,2	2,0
País Vasco	2.438,8	109,6	3,2	19,6	108,5	2,4
Rioja, La	1.879,0	108,1	-1,1	14,7	106,1	-2,4

Fonte: INE

Cadro 6.- Outros custos. Cuarto trimestre de 2018

	Outros custos por traballador e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual
<b>España</b>	<b>653,5</b>	<b>99,5</b>	<b>0,7</b>	<b>5,1</b>	<b>101,4</b>	<b>0,4</b>
Andalucía	589,1	96,6	-0,7	4,7	98,7	-0,2
Aragón	640,2	100,6	0,8	5,1	102,8	-1,0
Asturias	677,3	103,5	4,8	5,4	106,5	3,6
Balears, Illes	670,4	107,8	2,4	5,1	110,7	0,6
Canarias	579,3	104,6	0,6	4,4	105,8	0,7
Cantabria	637,4	104,7	1,5	5,0	105,1	0,8
Castilla y León	606,1	95,0	0,5	4,8	96,2	-0,2
Castilla-La Mancha	610,8	97,6	2,0	4,8	101,7	1,0
Cataluña	694,1	100,6	1,8	5,4	101,9	0,7
Comunitat Valenciana	589,4	97,1	-1,4	4,7	100,6	-1,7
Extremadura	540,6	97,3	-2,6	4,4	101,9	-2,2
<b>Galicia</b>	<b>601,7</b>	<b>102,3</b>	<b>-0,1</b>	<b>4,7</b>	<b>105,8</b>	<b>0,0</b>
Madrid	728,1	98,7	1,0	5,6	101,3	0,5
Murcia	593,9	97,1	-0,1	4,7	97,3	0,4
Navarra	715,8	102,3	0,6	5,8	102,9	0,5
País Vasco	772,2	103,4	2,8	6,2	102,3	2,0
Rioja, La	603,8	98,0	-0,7	4,7	96,3	-2,3

Fonte: INE